



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 35)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D^a. M^a del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e dous de setembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de setembro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS E MATERIAL SANITARIO VETERINARIO E OUTROS PRODUTOS DE USO VETERINARIO PARA A XESTIÓN SANITARIA DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

1. Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7PTSARK2ANYUT4SCIEC6TT6EY1.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7PTSARK2ANYUT4SCIEC6TT6EY.
3. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Directora da Granxa Gayoso Castro (Lote I), CSV: IV7P4ICONFGJKWJMVXXD43SPKI.
4. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Directora da Granxa Gayoso Castro (Lote II), CSV: IV7P4ICODD5PXHNICZQC632H6U.
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7P4X3IPMG63WET23VQIARXKY.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7P4IA3L4557GMDCFVBGN7E7Y.
7. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7P4PZCOH6NQWX3AJANIQQPH4.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FE7TSHZ0Z3P63RUPWM3RXMM.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000054, para unha duración de un (1) ano, podendo prorrogarse por anualidades ata tres (3) anos, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos catro (4) anos.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 42.623,82 €, ao que se aplicará un IVE do 10% e do 21%, 5.898,14 €, o que fai un total de 48.521,97 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

LOTE	APLICACIÓN	2023 (S/IVE)	RC/2023	2024 (S/IVE)	RC/2024	TOTAL IVE ENGADIDO
1. MEDICAMENTOS VETERINARIOS	4120.22106	6.900,00 € (IVE 10% 690,00€)	22023/23552	20.853,27 € (IVE 10% 2.085,33 €)	220239/657	30.528,60 €
2. MATERIAL SANITARIO E OUTROS PRODUTOS DE USO VETERINARIO		3.700,00 € (IVE 21% 777,00 €)	22023/23553	11.170,55 € (IVE 21% 2.345,82 €)	220239/659	17.993,37 €
TOTAL		10.600 € (IVE 1.467,00 €)		32.023,82 € (IVE 4.431,15 €)		48.521,97 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL DE FIBRA VIRXE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente da subministración de papel de fibra virxe para a Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P4KD53AXZZKONQAFGM YRAKA.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7P4KB72EH7RSRLUBGHAE2BIM.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7P4KCCHBFJ5JO6SZMWAHQCC4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7P6SR3DZJ4UXJOYJMXEULHP4.
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7P6WPMNVW3RSB5C7VXKYAE4Y.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7P62AKDT4MTKXIA5QUA4RXGM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da subministración de papel de fibra virxe para a Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobación do contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co



establecido na norma, e o informado no expediente, así como o criterio que se recolle para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 14.985,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.146,85 €, o que fai un total de 18.131,85 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 920022000, do exercicio 2023, segundo consta no informe de consignación da Intervención.

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2), DACORDO COA NORMA UNE-EN 13808:2023 1ª MODIFICACIÓN JULIO 2014 PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes.

1.- Con data 01 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno, aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

2.- Con data 09 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno, acordou adxudicar a contratación a favor da empresa Probisa Productos Bituminosos S.L.U., por un período de seis meses, prorrogables por outros seis, por importe de 562.500,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 118.125,00 €, o que fai un total de 680.625,00 €.

3.- Con data 07 de outubro de 2022, asínase o correspondente contrato administrativo e a acta de inicio.

4.- Con data 18 de setembro de 2023, infórmase sobre a necesidade da modificación contractual.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP recolle no apartado “X” do cadro resumo o seguinte a posibilidade de modificar o contrato cando as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, co límite máximo do 20% do prezo inicial. Dita modificación deberá estar debidamente acreditada no expediente, e tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

No apartado “G” do cadro resumo, recóllese o límite máximo da modificación prevista, que ascende a 112.500,00 euros.

Recóllese na cláusula vixésimo cuarta do PCAP o seguinte:

“En caso de que se prevea unha modificación, deberá tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A modificación, en caso de estar prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarse do seguinte xeito:

Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable do contrato.

Darase audiencia á adxudicataria polo prazo de dez días naturais.

Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.

A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.

Publicarase un anuncio da modificación na Plataforma de Contratos do Sector Público no prazo de cinco días desde a aprobación da mesma.”



Segunda.- O Xefe do Parque Móbil, remite informe no que se pon de manifesto que as necesidades reais son superiores ás estimadas inicialmente, razón ésta que xustifica a modificación proposta.

Terceira.- O artigo 203, da LCSP recolle a potestade de modificación do contrato, e di:

“1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta Lei respecto a sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

2. Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En calquera outros supostos, se fose necesario que un contrato en vigor executáse en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo condiciónelas pertinentes, no seu caso previa convocatoria e sustanciación dunha nova licitación pública de conformidade co establecido nesta Lei, sen prexuízo do disposto no apartado 6 do artigo 213 respecto da obrigaón do contratista de adoptar medidas que resulten necesarias por razóns de seguridade, servizo público ou posible ruína.

3. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.”

O artigo 204 da LCSP, sobre as modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, di:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertínse expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

2. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

Cuarta.- De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.” Sendo necesario, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Quinta.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 que “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da Lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”



En atención ás consideracións expostas propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación da modificación do contrato de subministración de subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable á antiga ECR-2) para o Parque Móbil.

2º.- Aprobación do gasto por importe de 112.500,00 euros, aos que se engadirán 23.625,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 136.125,00 euros.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (5.625,00 euros), constituído de conformidade co disposto no PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante(<http://www.deputacionlugo.org/ou www.contrataciondelestado.es>), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS PARA SUCESIÓN DE CONTRATISTA NO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS E O CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS NOS DISTINTOS CENTROS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno, con CSV IV7H2SYOBABSXC4J25PMMBCWAU, de data 26 de marzo de 2021, polo que se acorda a adxudicación da contratación a Clece S.A., por un período de dous anos e un importe de 103.373,64 euros €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 21.708,46 €, o que fai un total de 125.082,10 €.

2.- Contrato asinado con data 29 de abril de 2021, con CSV IV7HGIJ3DIONTLB2XX5E6E27IE.

3.- Acta de inicio con CSV IV7HGOSLJQX07ZOJWMYR75HHOY, que establece que o contrato terá unha duración de dous anos prorrogables por outros dous anos (2+2) e que a prestación do servizo comezará o 1 de maio de 2021.

4.- Resolución de Presidencia, de 19 de abril de 2023, con CSVIV7OXWBZ3RO3UVETTV4HAMPXAA, polo que se aproba a prórroga do contrato por dous anos, desde o 1 de maio de 2023.

5.- Escrito con rexistro de entrada o 12 de setembro de 2023, 2023RPE017360, en nome da empresa Avio Soluciones Integradas SA, de comunicación de sucesión no contrato de servizo de mantemento de instalacións térmicas da Deputación de Lugo (EXP028SE20ABO) de Clece SA a Avio Soluciones Integradas SA, a consecuencia de escisión realizada mediante segregación de unidade económica, incluíndo o mencionado contrato, e con solicitude de que a garantía definitiva prestada por Clece SA sexa reemplazada por unha nova que presente Avio Soluciones Integradas SA, conservando vixencia a presentada por Clece SA ata a constitución da nova.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- Atopámonos ante un suposto de sucesión no contrato de Clece SA (sociedade segregada) a Avio Soluciones Integradas SA (sociedade beneficiaria), a consecuencia da escisión realizada mediante segregación de unidade económica mediante escritura pública outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Madrid, D. Alberto Bravo Olaciregui, en data 28 de xullo de 2023, con número de protocolo 1836. Polo tanto é de aplicación o disposto no artigo 98 da LCSP.



Segunda.- No escrito presentado solicítase ter comunicada a sucesión no contrato administrativo de servizo de mantemento de instalacións térmicas e control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación de Lugo (EXP028SE20ABO). Este contrato aparece na relación de contratos contida no Anexo II da escritura notarial, co número de contrato 06820. O contrato atópase vixente durante dous anos, desde o 1 de maio de 2023, en virtude da prórroga aprobada con data 19 de abril de 2023.

Faise constar que, no mencionado anexo II da escritura notarial, figura alo menos outro contrato coa Deputación de Lugo do que non se comunicou sucesión: contrato relacionado co número 09943, contrato de servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. Este contrato ten o número de expediente da Deputación de Lugo 2023/CON_02/000033 e se atopa vixente ata o 30 de setembro de 2025, en virtude de contrato asinado ente Clece SA e esta Deputación de Lugo con data 29 de xuño de 2023.

Terceira.- Dispón o artigo 98 que nos supostos de escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, sempre que:

Reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que

As diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato.

Aos efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se producira.

No escrito presentado pola empresa beneficiaria declara que reúne ditas condicións, mais non aporta documentación acreditativa das mesmas. Por outra parte, non se declara que a sociedade Clece SA se responsabilice solidariamente con Avio Soluciones Integradas SA da execución do contrato, polo que é necesario acreditar que se cumpren as condicións mencionadas.

Cuarta.- A cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato de mantemento de instalacións térmicas e control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación de Lugo (EXP028SE20ABO) establece a documentación acreditativa da capacidade e solvencia esixidas:

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

a) Empresario individual: Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

Fotocopia do CIF da empresa.

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil ("Caxetín" do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. Para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo.

d) En caso de concorrer en unión temporal de empresas, cada un dos empresarios deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores. No caso de que o adxudicatario proposto sexa unha unión temporal de empresas, en caso de terse constituído como tal, poderá aportar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. En caso de non aportala neste momento, deberá facelo con anterioridade a sinatura do contrato.

e) Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



e) As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa. As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

2. Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ás prestacións obxecto de contratación, que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

3. Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

4. Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta (en caso de que non conste a expresa oposición do licitador, enténdese que autoriza a esta administración para a obtención do mesmo, polo mero feito de remitir a súa proposición).

5. Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

6. Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

7. Habilitacións, autorizacións e demais documentación esixida para o exercicio da actividade, segundo o recollido no Cadro Resumo. Neste caso non se precisa.

8. Resgardo acreditativo da garantía definitiva. A garantía constituirase polo 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE, constituída na forma recollida na cláusula décima deste prego (no caso de que o contrato se divida en lotes, a empresa deberá constituír unha garantía independente para cada lote do que sexa requirida).

9. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica: Acreditarase conforme ao establecido nos artigos 74, 86 e 87 da LCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLCAP; segundo o recollido no cadro resumo.

1. Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 125.148,00 euros.

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente a unha anualidade do contrato excluídos todos os impostos aplicables.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade profesional para o persoal titulado, incluído neste contrato, que cubra os riscos que se podan producir durante a execución do contrato, vixente ata o fin do prazo de presentación de



ofertas, por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato: 400.473,60 euros.

A acreditación deste requisito se efectuará por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

c) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

2. Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato: 58.402,40 euros.

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente a unha anualidade do contrato excluídos todos os impostos aplicables.

Non obstante, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a solvencia técnica acreditarase polos seguintes medios (ambos):

Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da execución do contrato así como dos técnicos encargados directamente da mesma.

3.- Clasificación. De conformidade co establecido no artigo 77.1.b) da LCSP, para os contratos de servizos, non será esixible a clasificación do empresario; non obstante o

empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente acreditando os requisitos recollidos no punto 1 e 2 anteriores ou ben acreditando a súa clasificación no Grupo O, Subgrupo 1, Categoría 1.

4.- Concreción das condicións de solvencia conforme ao art. 76 da LCSP: adscripción de medios persoais e materiais á execución do contrato.

En virtude do apartado 2 do artigo 76 da LCSP, os licitadores ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, deben comprometerse a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais indicados no PPT coa condición de mínimos.

A estes efectos e de acordo co PPT, teñen a condición de medios persoais mínimos, que deberán ser de cadro de persoal, os descritos na cláusula IV.1 do PPT e teñen a condición de medios materiais mínimos os descritos no Anexo III do PPT.

10. Documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria e a súa titulación, de conformidade co punto 22 da cláusula IV.1 do PPT.

11. Outra documentación requirida na memoria xustificativa:

Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil.

Copia de xustificante de pago do último recibo da póliza de seguro de responsabilidade civil.

Xustificante de estar inscrito nos correspondentes rexistros administrativos que lles permiten realizar as tarefas obxecto do contrato.

Xustificante de que o conxunto de operarios asignados á execución do contrato contan con todos os carnés profesionais requiridos no PPT.

As empresas inscritas no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, segundo se recolle no artigo 337 da LCSP, quedan eximidas da presentación da documentación que conste nestes, salvo dos datos que non figuren no Rexistro correspondente (con mención aos datos relacionados nos apartados precedentes), debendo aportar, no seu lugar, certificado ou documento bastante que acredite dita inscrición con data anterior ó inicio do prazo de licitación. O certificado ou documento que acredite a inscrición no correspondente Rexistro de licitadores deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos declarados no momento da súa inscrición non experimentaron variación.

12.- A maiores deberá presentar anexo I do PCAP: modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos.

A documentación deberá aportarse no prazo de 15 días previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Administracións Públicas, a través da sede electrónica da Deputación de Lugo: <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/system/modules/sede/index>.

Quinta.- Tal e como establece o artigo 198 da LCSP, en caso de cumprir as condicións, a empresa beneficiaria, Avio Soluciones Integradas SA, continuará o contrato, quedando subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo. Se non se puidera producir a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Sexta.- No escrito presentado por Avia Souciones Integradas SA solicita, por último, que a garantía definitiva prestada por Clece SA sexa reemplazada por unha nova que preste Avia Souciones Integradas SA, conservando vixencia a prestada por Clece SA ata a constitución da nova garantía.

Conforme o disposto no artigo 98 da LCSP a garantía definitiva poderá ser renovada ou reemplazada por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constituía esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía.

Sétima.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Oitava.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Polo que vai dito proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Iniciar o procedemento de verificación do cumprimento das condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar e solvencia pola sociedade Avio Soluciones Integradas SA, beneficiaria da escisión mediante segregación de unidade económica, referido ó contrato do servizo de mantemento de instalacións térmicas e o control e prevención da lexiónelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación provincial de Lugo, expediente EXP028SE20ABO.

2º.- Requirir á empresa beneficiaria da sucesión do contrato, Avio Soluciones Integradas SA, para que no prazo de quince días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a documentación relacionada na consideración cuarta.

3º.- Requirir á empresa beneficiaria da sucesión do contrato, Avio Soluciones Integradas SA, para que no prazo de quince días hábiles dende a notificación do presente acordo informe sobre o contrato relacionado co número 09943 no Anexo II da escritura pública de segregación, contrato de servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. Este contrato ten o número de expediente da Deputación de Lugo 2023/CON_02/000033.

4º.- Autorizar que a garantía definitiva presentada por Clece SA sexa reemplazada por unha nova que preste Avio Soluciones Integradas SA, conservando vixencia a prestada por Clece SA ata a constitución da nova garantía e a verificación do cumprimento das condicións esixidas no artigo 98 da LCSP, momento no que deberá ser devolta e cancelada.

Todo elo coa advertencia de que se non se puidera producir a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Reparación de cuberta e substitución de policarbonato nos lucernarios do Museo Provincial de Lugo.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reparación de cuberta e substitución de policarbonato nos lucernarios do Museo Provincial de Lugo, consta no mesmo:

1. proxecto da obra indicada LUGO.- Reparación de cuberta e substitución de policarbonato nos lucernarios do Museo Provincial de Lugo, redactado por D^a. Mónica Marras Mosquera.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: xnRSfXXb3S2JnlHnAHi/gA==
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: xnRSfXXb3S2JnlHnAHi/gA==
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7PQIJK3MBKIXN24D7XOBQ704.
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PTSTOFBH336GDUR6BOVTHHY.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7P6S7IBMP4VVB3QEIAN5CALY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7P6S7JDA7K70J3RQVXKMBVIA.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO.- Reparación de cuberta e substitución de policarbonato nos lucernarios do Museo Provincial de Lugo, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 119.310,22 €, dos cales 20.706,73 € corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2023	3330.632	83.545,69€	22023/26117
2024		35.764,53€	220239/649
TOTAL		119.310,22€	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2024 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Dona María Cristina López Fernández, con DNI nº: ***3139**, en nome e representación do Concello de Lugo, con NIF: P2702800J, presentou a través do SIR, o 24 de xullo de 2023 (RE nº 2023RT008015), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Promoción e dinamización do mercado municipal”; engadindo documentación complementaria no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade o 7 de setembro (RE nº: 2023RT014041).

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.



Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 21 de setembro de 2023.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes Acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo do seguinte teor:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Promoción e dinamización do mercado municipal”.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona María Cristina López Fernández, con DNI nº: ***3139**, sétima tenenta de alcaldesa delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza do Concello de Lugo, con NIF: P2702800J, e sede social na Praza Maior, 1, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en relación cos artigos 21.3 e 23.4 da mesma Lei.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A especialización comercial das prazas de abastos en produtos exclusivos de alimentación fresca, seguindo o modelo comercial de abasto público, moi arraigado no pasado, atópase hoxe en día bastante cuestionado polos novos formatos de venta, especialmente pola apertura de grandes superficies polivalentes de alimentación.

Esta circunstancia contribúe ao descenso paulatino das vendas nos mercados minoristas de abastos, en beneficio das compras en superficies de libre servizo como supermercados, hipermercados e centros comerciais, e en prexuízo dos pequenos produtores locais, que ven como os responsables dos postos das prazas de abastos diminúen os seus pedidos diarios.

Por elo, resulta necesaria unha reformulación das prazas de abastos, unha rehabilitación que faga máis atractiva a compra nelas e que permita espremer ao máximo as posibilidades que aquelas ofrecen, tanto para os comerciantes, como para os agricultores e gandeiros locais, que venden nelas parte das súas pequenas producións.

Con esta orientación, o Concello de Lugo solicita a cooperación da Deputación de Lugo para a realización dunha serie de actuacións tendentes á promoción e dinamización do mercado municipal.

Segundo.- Abastos e mercados son materias nas que, en todo caso, exercen competencias propias os municipios, en virtude do establecido na letra i) do artigo 25.2 da LRBRL.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do Municipio de Lugo, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio de competencias nestas materias, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Neste senso, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial, en torno á necesidade de fomentar a cooperación entre Administracións; e, así mesmo, os principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

O principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a



prestación de medios materiais, económicos ou persoais, e que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada pola representante do Concello de Lugo configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización da adquisición proxectada por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Por todo elo, podemos concluír que a realización das actividades proxectadas polo Concello de Lugo, e para cuxa execución solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, son actividades de interese público, que xustifican a necesidade e oportunidade da formalización da relación de cooperación formulada pola súa representante.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios, consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no seu apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada teñen plena cabida nos supostos dos citados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a mellora dos servizos públicos no rural contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social da provincia, así como á loita contra o despoboamento do rural.

Pola súa banda, o Municipio de Lugo, consonte á letra i) do artigo 25.2 da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias en materia de abastos e mercados, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Polo tanto, o Municipio de Lugo queda lexitimado para, a través da representante do seu concello, formalizar a relación de cooperación suscitada, asinando o corresponde convenio.

Cuarto.- Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes.

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Promoción e dinamización do mercado municipal”.

As ditas promoción e dinamización do mercado municipal realizaranse a través da celebración da XXX Feira do Mel, evento que promocioa o desenvolvemento económico do sector agroalimentario local, centrado no comercio de proximidade de produtos de elaboración artesanal de colleita propia cun ciclo curto de distribución. Asemade, realizarase a Campaña de Nadal, co obxecto de fomentar o comercio local mediante a promoción de compras de produtos de calidade na Praza de Abastos e no Mercado Municipal.

Para realizar a dita actividade e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométese a contratar e financiar as actividades propostas pola representante do Concello de Lugo para a promoción e dinamización do mercado municipal, que, segundo se reflicte na memoria por ela presentada, teñen un custo estimado de 17.200 €.

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de Lugo.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes asinantes conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:



A. Da Deputación Provincial de Lugo.

- 1) Financiamento dos custos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 17.200 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.
- 2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos da subministración resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude da representante do Concello de Lugo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Lugo.

- 1) Elaborar e aprobar a correspondente memoria valorada que defina con precisión as actuacións a realizar.
- 2) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivos, de ser o caso, para a realización de aquelas, incluíndo o seu aseguramento.
- 3) Licitación das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
- 4) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización das actuacións.
- 5) Realizar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.
- 6) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
- 7) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
- 8) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 17.200 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de Lugo poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

B. Do Concello de Lugo.

O Concello de Lugo alcanzará a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de Lugo será titular do resultado da cooperación: Promoción e dinamización do mercado municipal, coa obriga de dirixir as actuacións ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen as actuacións previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo, o 31 de marzo de 2024, a representante do Concello de Lugo presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actividade foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable, emitida pola representante do Concello de Lugo:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións, públicas ou privadas, para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no citado artigo 49 da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- (...).
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos nel previstos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financieira do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Consonte ao establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio e para o seu seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.



c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de Lugo incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.

Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de Lugo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de Lugo comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).

Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c), xa que: as entidades intervinientes non teñen vocación de mercado; o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir

que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común; e o desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexerase pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 17.200 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade, do seguinte teor:



“O representante do Concello de Muras solicitou, o 12 de setembro de 2023, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta da actividade “Organización da XXXV Feira do Poldro e Gando do Monte”, para o fin común de promoción das feiras no rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 20 de setembro de 2023.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta da actividade “Organización da XXXV Feira do poldro e gando do monte”, para o fin común de promoción das feiras no rural.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu

nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don Manuel Requeijo Arnejo, con DNI nº: ***9585**, alcalde do concello de Muras, con NIF: P2703300J, e sede social na Praza da Galeguidade, 4, de Muras, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- Muras é un exemplo paradigmático de municipio rural e de montaña. Conta con 164 km² e unha localización afastada, relativamente, dos espazos urbanos máis dinámicos de Galicia.

A poboación total é de 619 habitantes, polo que a densidade de poboación é moi inferior respecto ás medias comarcais, provinciais e comunitarias, constituíndo o despoboamento un dos seus principais problemas.

Para poñer freo a esta situación, cómpre, polo tanto, protexer e axudar o legado do sector primario que aínda pervive, pois a gandería e a agricultura son as actividades máis importantes no municipio.

O alto da Gañidoira acolle, dende o ano 1987, a tradicional Feira do Poldro e Gando do Monte, que ten lugar o cuarto domingo do mes de setembro, e que congrega a un gran número de asistentes, sendo declarada Feira de Interese Turístico Galego no ano 2019.

Para poder seguir sumando visitantes e con vista a unha futura petición de Feira de Interese Turístico Nacional, é necesario ofertar actividades culturais de calidade e seguir innovando para manter a o éxito desta feira.

Segundo.- As feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante son materias nas que, en todo caso, exercen competencias os Municipios, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en virtude do establecido no artigo 25.2.i) da LRBRL.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do Municipio de Muras, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio pleno das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.



Neste senso, adquieren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial, en torno á necesidade de fomentar a cooperación entre Administracións; e, así mesmo, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Muras configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización das obras proxectadas por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pola súa banda, o Municipio de Muras, consonte ao artigo 25.2.i) da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias, entre outras, en materia de feiras, abastos,

mercados, lonxas e comercio ambulante, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Polo tanto, o Municipio de Muras queda lexitimado para, a través do seu concello, formalizar a relación de cooperación suscitada asinando o corresponde convenio.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes.

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta da actividade “Organización da XXXV Feira do Poldro e Gando do Monte”, para o fin común de promoción das feiras no rural.

Para realizar esta actividade e acadar o dito fin, ámbalas dúas Administracións comprométese a realizar e financiar as actuacións e gastos estimativos seguintes, segundo se reflicte na memoria valorada achegada polo representante do Concello de Muras:

Actuación / Gasto	Custo
Plan de autoprotección	1.089,00 €
Baños químicos	834,90 €
Gastos veterinarios	350,00 €
Elaboracións de carne de poldro	3.853,85 €
Sonorización	1.996,50 €
Grupos electrógenos	3.630,00 €
Montaxe dos valados da feira	3.146,00 €
Coordinación e seguridade	2.178,00 €
Campionato e demostración	5.269,04 €
Demostración con motoserra	660,00 €
Publicidade	2.068,00 €
Premios	5.445,00 €
IMPORTE TOTAL	30.520,29 €

No caso de que, executadas as actuacións, os importes de cada un dos gastos estimados non se correspondan cos realmente satisfeitos, poderán compensarse entre si as desviacións acontecidas.

As citadas actuacións financiaranse segundo se reflicte na seguinte táboa, tendo en conta que a Deputación non financiará ningún gasto en concepto de “premios”:



ORGANISMO	IMPORTE (€)
DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO	3.000,00 €
CONCELLO DE MURAS	27.520,29 €
TOTAL	30.520,29 €

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de Muras.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos custos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das actuacións obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Muras.

No caso de que o importe das baixas e/ou da diminución dos custos de execución das actuacións sexa superior á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Muras, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Muras.

1) Obter os permisos e autorizacións que sexan preceptivos, de ser o caso, para a execución das actuacións, incluíndo o seu aseguramento.

2) Licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

3) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade de 27.520,29 €, así como o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das actuacións.

4) Executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

5) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

6) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de Muras poida afrontar os gastos de execución das actuacións mencionadas na cláusula primeira.

B. Do Concello de Muras.

O Concello de Muras achegará a cantidade de 27.520,29 € como contribución ao fin común.

Tamén asumirá, de ser preciso, o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á axeitada execución das actuacións.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de Muras será titular do resultado da cooperación: Organización da XXXV Feira do Poldro e Gando do Monte, coa obriga de dedicalo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen a actuacións previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de xaneiro de 2024, o representante do Concello de Muras presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actividades obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario:



Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a

concorrenza de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

(...).

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e para o seu seguimento, vixilancia e control,



establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial. Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario. O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de Muras incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.

Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de Muras deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de Muras comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).

Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexeráse pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 3.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, a favor do Concello de Muras, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- Proposta de aprobación de adenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros co obxecto de colaborar na “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”. (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 22 de decembro de 2022).

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se establece:

Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes na “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 27 de decembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes na “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 22 de decembro de 2022.

Na súa virtude, o Concello de Barreiros comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2023. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio e, en todo caso, como data límite do 30 de outubro de 2023.

Segundo.- O representante legal do Concello de Barreiros en data 22/08/2023, expediente 2023/PES_03/017408 presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado no que atinxe a cláusula terceira no referido á data límite de execución das actuacións obxecto deste convenio e a cláusula cuarta en canto a data límite de xustificación da achega económica, ao abeiro do disposto na cláusula sexta do amentado convenio. No seu escrito, o Concello de Barreiros expón como causas da referida solicitude de adiamento de prazos e modificación do convenio:

“O contrato de obras foi tramitado e adxudicado o 15 de febreiro de 2023, sin embargo, por causas imprevistas a empresa adxudicataria retrasou a data de inicio das obras e tendo en conta os meses estivais e os retasos nos subministros nestes períodos, estimase que non se van poder rematar no prazo establecido.

Tendo en conta que este retraso son se debe en ningún caso a falta de tramitación ou dilixencia por parte do concello, é polo que se solicita que se amplie o prazo de execución e de xustificación, para dar cumprimento á finalidade do convenio”

Polo que dende o concello de Barreiros se solicita a modificación do convenio de referencia no que atinxe a data límite de execución das actuacións obxecto do convenio e a data límite de achega da conta xustificativa á Deputación de Lugo.

Terceiro.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Cuarto.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de



Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Barreiros, a petición de modificación de prazos formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Barreiros, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios e extraordinarios do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente modular a petición expresa do concello de Barreiros, no relativo ao novo prazo de execución de acordo ás causas reflectidas na solicitude, establecendo como nova data límite de execución o 15 de novembro de 2023, e así mesmo, a petición da administración local no relativo ao novo prazo de xustificación dos gastos da actuación obxecto do convenio, situando como nova data límite, o 30 de novembro de 2023.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación e addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes no “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”, formalizado o 27 de decembro de 2022 , nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Fomento e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a adenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes no “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”, formalizado o 27 de decembro de 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas en tanto non se vexan afectadas por esta modificación:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros co obxecto de colaborar na “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”.

Reunidos.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e

representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente e deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona Ana Belen Ermida Igrexas, con DNI nº: ***9977**, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, e sede social en Barreiros, na rúa Vila, nº 63, que actúa en nome e representación da citada entidade, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 27 de decembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes na “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 22 de decembro de 2022.

Segundo.- O representante legal do Concello de Barreiros en data 22/08/2023, expediente 2023/PES_03/017408 presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado no que atinxe a cláusula terceira no referido á data límite de execución das actuacións obxecto deste convenio e a cláusula cuarta en canto a data límite de xustificación da achega económica, ao abeiro do disposto na cláusula sexta do amentado convenio.

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- A Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes queda redactada do seguinte xeito:

“(…)

3.2. O Concello de Barreiros:

(…)



10. Executar as actuación obxecto deste convenio na data límite do 15 de novembro de 2023.

Segunda.- A Cláusula cuarta.- Réxime económico queda redactada do seguinte xeito:
“(…)

C) Xustificación da achega económica.

O Concello de Barreiros, achegará, como data límite do 30 de novembro de 2023 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa (…)

Terceira.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 2 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 25 de novembro de 2022, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o día 28 do mesmo mes.

O 22 de agosto de 2023, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2023RT013479) escrito da representante legal do Concello de Barreiros, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O número 6 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 15 de decembro de 2023.

O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 31 de decembro de 2023.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe favorable ás citadas modificacións, se ben ampliando os prazos de execución e xustificación ata os días 15 de novembro e 1 de decembro de 2023, respectivamente.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

A modificación das cláusulas terceira. B.6) e quinta do convenio de referencia, no que aos prazos de execución e xustificación se refire, e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:

“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Reunidos.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, con DNI nº: ***9977**, alcaldesa do concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, e sede social na rúa Vila, 63, de Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 28 de novembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Segundo.- A súa cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) establece o seguinte:

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

(...).

B. Do Concello de Barreiros.

(...).

6) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2023.

(...).

Terceiro.- A cláusula quinta (Xustificación da achega económica), pola súa banda, dispón:

Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de outubro de 2023, o Concello de Barreiros presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

(...).

Cuarto.- O 22 de agosto de 2023, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2023RT013479) escrito da representante legal do Concello de Barreiros, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O número 6 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 15 de decembro de 2023.

O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 31 de decembro de 2023.

Quinto.- En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, que se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Con todo, no dito informe estimouse que as datas para as que se solicitaban as ampliacións dos prazos non eran correctas, ao establecer o segundo parágrafo da cláusula sexta do convenio que a conta xustificativa debería estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2023; do que derivou que, tendo en conta os trámites necesarios para a aprobación da conta xustificativa, se informara favorablemente a ampliación dos prazos de execución e xustificación ata os días 15 de novembro e 1 de decembro de 2023, respectivamente.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes.

Estipulacións.

Primeira.- A Cláusula terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes, queda redactada como segue:

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 68.280,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das obras resulten inferiores aos inicialmente previstos, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Barreiros.

No caso de que o importe das baixas e/ou da diminución dos custos de execución das obras sexa superior á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo



Concello de Barreiros, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Barreiros.

- 1) Elaborar, supervisar, aprobar e reformular o correspondente proxecto que defina con precisión as obras a executar.
- 2) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución.
- 3) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización das obras, incluíndo o seu aseguramento.
- 4) Licitación a execución das obras con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
- 5) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade de 3.593,71 €, así como o importe que, de ser preciso, resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.
- 6) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 15 de novembro de 2023.
- 7) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
- 8) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
- 9) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Segunda.- A Cláusula quinta.- Xustificación da achega económica, queda redactada do seguinte xeito:

Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 1 de decembro de 2023, o Concello de Barreiros presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das obras obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Acta de recepción das obras, expedida polo facultativo designado polo Concello de Barreiros.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.
Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.
Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Fotografías das obras realizadas no marco deste convenio.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Barreiros:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Terceira- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 5 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- Proposta relativa á addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao que dispón o seguinte:

“Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 16/12/2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.-Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao, con un orzamento total de 186.993,30 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 180.000,00€ euros, dos que 6.000,00 son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 174.000,00€ na anualidade de 2023.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, figurando crédito dispoñible no orzamento de 2023, inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, para a mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao formalizouse o 20/12/2022.

Terceiro: Por acordo da Xunta de Goberno de data 11/08/2023 aprobouse addenda de modificación do convenio indicado, incluído con cargo aos remanentes unha nova actuación, quedando:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA BENIGNO QUIROGA NA POBRA DE SAN XIAO	Anualidade 2022: 6.000,00€ Anualidade 2023: 163.470,17€	---
MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE Á SENDA PEONIL DO FERROCARRIL	Anualidade 2023: 10.529,83€	-----
SUB-TOTAL	180.000,00€	----
TOTAL	180.000,00€	

A devandita addenda foi asinada dixitalmente o 18/08/2023.

Cuarto.- Pola Alcaldía do Concello de Láncara remitiuse escrito o 14/09/2023, con RE nº 2023RPE017494 no que solicita modificación dos prazos de execución ata o 01/11/2023 e xustificación ata 15/11/2023, dos investimentos.

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula terceira. Obrigas e compromisos das partes; no relativo ao Concello de Láncara

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30/09/2023

Na cláusula cuarta. Réxime económico e titularidade dos resultados; no apartado de xustificación:

“Na data límite do 31 de outubro de 2023 o Concello de Láncara achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados, que terá o seguinte contido: (...)”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, para a realización conxunta, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o convenio e o gasto.

Conclusións.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé no mesmo a súa modificación, que media a vontade de ambas partes e que non se alteran



as condicións esenciais do documento inicial, informase favorablemente a modificación nos termos da addenda segunda de modificación do convenio incorporada ao expediente, e dicir modificando dita cláusula 3 e 4, de xeito que queden incluídas no obxecto do convenio:

Na cláusula terceira. Obrigas e compromisos das partes; no relativo ao Concello de Láncara

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 01/11/2023.

Na cláusula cuarta. Réxime económico e titularidade dos resultados; no apartado de xustificación:

“Na data límite do 15 de novembro o Concello de Láncara achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta ou por actuación, dos gastos realizados, que terá o seguinte contido: (...)”

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno:

Que se aprobe a addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao do seguinte teor:

Addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Láncara para a execución dos fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Darío Antonio Piñeiro López, que actúa en nome e representación do concello de Láncara, con C.I.F. P-2703200-D e sé social en c/ Rosalía de Castro, 17 baixo, Pobra de San Xiao - Láncara-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 16/12/2022, aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns consistentes en: Mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao sendo asinado o convenio o 20/12/2022.

Segundo.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 11/08/2023 aprobouse addenda de modificación do convenio indicado, incluído con cargo aos remanentes unha nova actuación, asinandose dita addenda o 18/08/2023.

Terceiro.- Pola Alcaldía do Concello de Láncara remitiuse escrito o 14/09/2023, con RE nº 2023RPE017494 no que solicita modificación dos prazos de execución ata o 01/11/2023 e xustificación ata 15/11/2023, dos investimentos.

Cuarto.- Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 20/12/2022 e addenda do 18/08/2023, que é preciso operar a través dunha segunda modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación do convenio con suxeición as seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Compromisos e obrigas das partes.

Modifícase a cláusula terceira, relativo as obrigas das partes, concretamente a do Concello de Láncara, do convenio de interadministrativo suscrito con data 20/12/2022 e addenda do 18/08/2023, no relativo ás do Concello de Láncara, que quedará redactado co seguinte teor:

“(…)



Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 01/11/2023.

(...)"

Segunda.- Rexime económico e titularida dos resultados: (xustificación).

Modifícase a cláusula cuarta, relativo a xustificación do convenio de interadministrativo suscrito con data 20/12/2022 e addenda do 18/08/2023, no relativo ás do Concello de Láncara, que quedará redactado co seguinte teor:

"(...)

"Na data límite do 15 de novembro o Concello de Láncara achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta ou por actuación, dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

(...)"

Terceira.- Outras cláusulas.

As demais cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 20/12/2022 e addenda do 18/08/2023 en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables. Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo suscrito esta segunda modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 2 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que, como secretaria dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO (5ª FASE), MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente 2023/XEN_01/002277 relativo á convocatoria para a concesión das autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (5ª fase) mediante concorrência pública, de data de 30 de agosto de 2023, e con CSV: IV7PS6BIJFELRKGYZAQD4UBRAM.

Baixo a denominación de Hortos urbanos do parque do Rato referense as parcelas de titularidade provincial que están inscritas baixo o epígrafe un, folio oitenta e nove do Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Lugo, situadas no concello de Lugo e cualificadas xuridicamente como bens de dominio público, estando indentificadas mediante as seguintes referencias catastrais:

Lugar: Concello de Lugo	Referencia catastral
Parque do Rato	27900A531000340000WE
Parque do Rato	27900A531000330000WJ
Parque do Rato	27900A531000350000WS

Así consta no Certificado do Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación, expedido o 9 de marzo de 2021, baixo o CSV: IV7H6YKTYBJSWSEDAQP4EASW6Y.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento que baixo o informe CSV: IV7PTSXMFN5JVWU5VU5R672TEU do 4 de setembro de 2023 sinala o Servizo de Medio Ambiente, que realiza a proposta das bases que rexeirán o procedemento de autorización de uso dos hortos vacantes e da elaboración, de ser o caso, da correspondente listaxe de agarda ou reserva para a adxudicación de parcelas que queden vacantes debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Tendo en conta os informes asinados pola Secretaria Xeral e a sección de Patrimonio o 14 de setembro de 2023 baixo o CSV: IV7P4IAOBIXISTHIANGSEITRCU se conclúe: “estímase que o presente procedemento de outorgamento de autorización, en réxime de concorrencia, e os seus pregos reitores adecúanse á lexislación vixente e poderán someterse á aprobación da Xunta de Goberno.”

Tendo en conta o informe de 14 de setembro de 2023 emitido pola Intervención provincial con CSV: IV7P4IJIDL7SR3NMAQUHH7RVCE que indica que: “En relación á convocatoria para a concesión de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do Río Rato (5ª fase), esta Intervención informa que non supón ningún gasto nin ingreso, polo que non está suxeito a fiscalización limitada previa.”

Polo exposto, en base aos expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020, procédese a establecer as bases que rexeirán no procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos bens de



dominio público provincial denominado Hortos do Paseo do Rato (5ª fase) mediante concorrencia pública, a cuxos efectos propónse, á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados Hortos do Paseo do Rato (5ª fase) mediante concorrencia pública, coa publicación do correspondente anuncio no BOP, tal e como establece o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar as seguintes cláusulas pola que se rexera o anterior procedemento:

Bases do procedemento.

1. Obxecto.

Os Hortos Urbanos do Parque do Rato, están situados no concello de Lugo, nas parcelas catastrais:

27900A531000340000WE/ 27900A531000330000WJ/ 27900A531000350000WS

Serán obxecto deste procedemento os Hortos Urbanos do Parque do Rato que se atopen vacantes, sendo na actualidade un total de 15, ou que queden libres debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Os Hortos son individuais, de 30 metros cadrados e cunhas dimensións de 6x5 metros, delimitados mediante rasillóns cerámicos.

2. Réxime Xurídico.

Rexerán este procedemento de autorización as presentes Bases, o recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación de Lugo (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

En todo o non recollido na anterior normativa, serán de aplicación supletoria as normas contidas no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios.

Para poder acceder á autorización para o uso dos Hortos Urbanos, as persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser persoa física e maior de idade.

b) Ser representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.

c) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro, figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.

d) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de Hortos, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

a) Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou un Horto, entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.

b) Tras verse revocada a autorización de uso do Horto a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.

c) Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.

4. Prazo da autorización.

A autorización outorgarase por un período inicial de dous anos, prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de 4 anos, salvo renuncia ou denuncia das partes, en cuxo caso a autorización finalizará transcorrido un mes dende a recepción da correspondente comunicación. Esta autorización non será transmisíble en ningún caso.

5. Gastos esixíbles ao adxudicatario.

A autorización de uso outorgarase con carácter gratuíto e non se esixe a constitución de ningún tipo de garantía.

6. Presentación de solicitudes.

6.1- Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no BOP.

6.2- Forma de presentación.

Os interesados presentarán a seguinte documentación no Rexistro da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou mediante calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da LPACAP:

1) Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.

2) Solicitude (Anexo I) debidamente cuberta e asinada.

3) Declaración responsable (Anexo II) asinada.

Quen compareza ou asine proposicións en nome doutra persoa ou entidade deberá acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixíble), certificado da súa



representación ou calquera outro documento válido en Dereito que acredite a representación.

4) Certificado de empadramento do solicitante (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

5) Certificado de estar ó corrente e coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

6) No caso de que se soliciten por parte da Administración, a acreditación das circunstancias sociais e persoais que serán tidos en conta para a valoración cando o número de solicitudes sexa superior ao de Hortos dispoñibles, acreditaranse mediante a presentación de:

a) Desemprego: Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e o período de inscrición.

b) Renda per capita (IPREM): Copia da Declaración da renda do ano 2022 de todos os membros da unidade familiar.

c) Familia numerosa: Título de Familia Numerosa, expedido pola Administración competente ou copia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais ou Título de Familia Numerosa expedido pola Administración competente.

d) Xubilado/a: Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredite a condición de xubilado.

e) Asociacións: Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da asociación ou Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais xunto coa Inscrición no Rexistro de Asociacións, de ser o caso.

7. Mesa de seguimento.

O órgano competente para a concesión das autorizacións estará asistido pola Mesa de seguimento (Mesa), un órgano de asistencia encargado de cualificar e comprobar a documentación achegada polos solicitantes, requirir a subsanación de deficiencias e competente para a valoración das solicitudes e a demais documentación achegada polos interesados, elevando posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente, os cales serán nomeados mediante Decreto de Presidencia.

8. Procedemento.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa reunirase para examinar a documentación presentada polos interesados, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso de que o número de solicitudes supere ó de Hortos vacantes, requirirá aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2, apartado 6 destas bases, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Deputación de Lugo. Transcorrido este prazo sen terse notificado resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo.

8.1 Valoración de solicitudes.

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa menor que o de Hortos libres, procederase ao sorteo dos Hortos dispoñibles entre os solicitantes admitidos no procedemento, en caso contrario, será precisa unha valoración previa, para a asignación dos Hortos mediante un procedemento de concorrencia no cal se valorarán aspectos de carácter social, establecendo unha orde de asignación e creando unha listaxe de reserva.

Criterios de valoración Persoas físicas.

Ser desempregado/a e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempregado e o período de inscrición. (Máximo 4 puntos):

Desempregado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).

Desempregado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).

Desempregado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).

Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 200% do IPREM, acreditando esta situación cunha fotocopia da Declaración da Renda do ano 2022 de todos os membros da unidade familiar. (Máximo 2 puntos):

a) Renda per cápita anual inferior ao 100% do IPREM (2 puntos).

b) Renda per cápita anual entre o 200% e o 100% (incluídos) do IPREM (1 punto).

Ser familia numerosa, condición que se acreditará mediante fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (Máximo 2 puntos):

Familias con máis de 3 descendentes (Categoría especial) (2 puntos).

Familias con 3 descendentes (Categoría xeral) (1 punto).

Xubilado/a, acreditando dita condición mediante a presentación do correspondente certificado.

(1 punto).

Criterios de valoración Asociacións – Colectivos.

Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, con colectivos vinculados ao



medio ambiente e que solicite ese Horto para o colectivo da Asociación. O outorgamento de Hortos, para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de Hortos adaptados existentes. (5 puntos).

Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar acreditación como representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente.

Ó ser limitados os espazos existentes, no caso de empate na puntuación realizarase un desempate nun sorteo público que se anunciará cunha antelación mínima de 3 días hábiles, mediante a publicación da data, hora e lugar do mesmo no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo.

8.2 Listaxe provisional e definitiva.

A Mesa é a encargada de examinar o cumprimento dos requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e de proceder a súa valoración. Dita valoración publicárase no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, e de ser o caso, incluírá a relación valorada da listaxe de reservas das solicitudes que non acadaron Horto.

No caso de empates na puntuación, o desempate realizarase mediante un sorteo ao chou.

As listaxes publicáranse no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo, estando exposta para a súa consulta durante 10 días naturais, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren.

No caso de non recibir alegacións, ás listaxes publicadas pasarán a ser definitivas. En caso de que existan alegacións, a Mesa resolverá sobre o seu contido, facendo pública unha nova listaxe, nos mesmos medios, que será definitiva.

A listaxe de reservas deberá estar numerada por orde de puntuación e terá unha validez de 2 anos dende a súa publicación definitiva.

8.3 Sorteo de Hortos.

A asignación individualizada de cada Horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, mediante un sorteo público, correspondendo un Horto por cada solicitante e por unidade familiar.

O sorteo terá lugar o luns 15 de xaneiro de 2024, as 10:00 horas.

O sorteo realizarase nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, sitas na rúa San Marcos, 8 (Lugo).

8.4 Proposta de outorgamento.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órganocompetente para outorgar as autorizacións no que se indique individualmente o Horto asignado a cada interesado. Dita proposta non creará dereito ningún a favor do solicitante proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas noexpediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presenteprocedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos procedendo a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público que os autorizará ao uso da parcela asignada nos Hortos Urbanos do Parque do Rato, durante o período de 2 anos, prorrogables ata un máximo de 4 anos.

9. Xurisdición competente e interposición de recursos.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta autorización de uso someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Contra as resolucións que poñan fin a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición, ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ou a interposición de calquera outro recurso que se considere procedente.

10. Outras consideracións.

Os solicitantes, coa presentación da solicitude de participación neste procedemento, comprométese ao cumprimento do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao mantemento da orde, estado e convivencia nos Hortos e ao mantemento en boas condicións dos materiais e instalacións necesarias para o funcionamento e cultivo dos mesmos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUN CAPATAZ DE CAMIÑOS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Alfonso Fernández Alonso, nacido o 28 de setembro de 1957, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de “Coordinador/a Xefe/a II Vixilancia Vías Provinciais”, presentou escrito o pasado 23 de xuño de 2023, dirixido á Presidencia desta Entidade, no que solicita a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta que por Acordo da Xunta de Goberno de data 2 de setembro de 2022, á vistas das necesidades do servizo e coa conformidade do interesado se lle autorizou unha primeira prolongación, dende o 29 de setembro de 2022 ata o 28 de setembro 2023.

Considerando que o Sr. Xefe do Servizo de Vías e Obras, coa conformidade do Presidente, por Delegación, en data 1 de setembro de 2023, emite o seguinte informe en relación ao solicitado:

“Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, en relación ao escrito de número de rexistro 2023RPE012949, de 23 de xuño de 2023, presentado por D Alfonso Fernández Alonso, no que solicita á Presidencia a prolongación no servizo activo, informa:

Dende o Servizo xestiónanse preto de 4.200 qm de estradas pertencentes á Rede viaria da Deputación provincial, formando unha rede primordial para a comunicación da poboación da provincia, afectando a tódolos sectores da mesma.

A magnitude da rede viaria provincial, e a complexidade da mesma, que ven dada pola dispersión poblacional e as especiais condicións topográficas e climatolóxicas, fai complicadas as tarefas de xestión da rede.

Actualmente o Servizo conta cun déficit de persoal, en cantidade e cualificación importantes.

D Alfonso Fernández Alonso está de desempeñar o posto de Coordinador Xefe Vixilancia Vías Provinciais, posto que mantén desde fai anos con especial adicación, tanto no desempeño da súa laboura como no trato co persoal asignado ao servizo, como amosan as súas avaliacións no desempeño do seu traballo dos últimos anos polos distintos xefes de servizo, alcanzando o nivel de cualificación de superior no seu rango máis alto (45 puntos).

Este posto ten responsabilidade xerárquica sobre os postos de Capataces, Vixiantes de Vías de obras e un obreiro.

Dende o servizo considérase necesario a prolongación do servizo a Don Alfonso Fernández Alonso por ter o coñecemento, a experiencia e a dedicación idónea e necesaria para o posto de traballo.

Polo anteriormente exposto, atendendo ás necesidades do Servizo, e á capacidade, experiencia e ao superior desempeño no posto de traballo de D Alfonso Fernández Alonso, considérase necesaria a súa prolongación no servizo activo, (...).

É polo que se propón á Presidencia a prolongación no servizo activo de D Alfonso Fernández Alonso, unha vez teña cumpridos os 66 anos.

O que se informa para o seu coñecemento a aos efectos oportunos.

A dita proposta de prolongación da permanencia no servizo activo contén a conformidade expresa da funcionario afectado, D. Alfonso Fernández Alonso”.

Tendo en conta as consideración legais e técnicas contidas no informe do Servizo de RR.HH, do teor seguinte.

“A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V.

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social, como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o



cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

- a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
- b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
- c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
 - 2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.
- Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non

producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, D. Alfonso Fernández Alonso posúe o coñecemento, experiencia e dedicación idónea e necesaria para o posto de traballo, posto que ten responsabilidade xerárquica sobre os postos de Capataces, Vixilantes de Vías e Obras e un Obreiro.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2021 a 30 de novembro do 2022) ten acadado unha valoración de Superior)”.

Á vista de canto antecede e dos informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido e que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes, que xustifican a decisión, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión do funcionario de carreira, D. Alfonso Fernández Alonso de prolongar a permanencia no servizo activo, polo período dun ano máis, é dicir, dende o 29 de setembro de 2023 ata o 28 de setembro de 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 83/2023-L.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 83/2023-L seguido a instancia de D. Mauro Jesús Varela Pintos contra “la desestimación de la reclamación interpuesta, por la cantidad de 1.404,71 euros...” en materia de responsabilidade patrimonial , á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 133/2023-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 133/2023-P seguido a instancia de D. José Manuel González Álvarez fronte á “Resolución de 7 de marzo de 2023, dictada por la Deputación de Lugo en el Expediente Nº 11/2023 desestimatoria de la Reclamación por Responsabilidad Patrimonial interpuesta por el recurrente por daños sufridos en su vehículo.”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 7207/2023.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 6 de setembro de 2023 ditado pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia en relación co Procedemento Ordinario 7207/2023 en cuxa parte dispositiva acorda, entre outras cuestións, admitir a trámite o recurso interposto pola representación procesual de Segursystem Europa, S.L. fronte á “Resolución Nº 88/2023, de 16 de maio de 2023, del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la comunidad autónoma de Galicia, recurso Nº 78/2023, Expediente N.º 2022/COM_02/000078” e requirir á Deputación para que remita o expediente administrativo a que se refire o acto impugnado , á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente á Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:



Proposta de aprobación, se procede, do acordo relativo á concesión do Premios de Turismo 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor.

“Visto que con data 31 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou a aprobación do gasto, da convocatoria e das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrència competitiva, dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e do Premio “...E, para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2023.

Vista a publicación da convocatoria e das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia nº 99 de data 2 de maio de 2023.

Vista a candidatura presentada pola Asociación de Empresarios de Muimenta á modalidade de Premios “...E para comer, Lugo” en data 19 de xullo de 2023 en relación coa organización da Festa da Filloa de Muimenta.

Visto o informe do Servizo de Turismo con CSV /w4onuBqBaW/0zlpFKPfCA== relativo ás candidaturas presentadas aos premios obxecto da convocatoria.

Vista a acta do Consello Extraordinario de Turismo celebrado con data 12 de setembro de 2023 no Pazo de San Marcos e que tivo como punto da orde do día o estudo, análise e valoración das candidaturas aos Premios de Turismo 2023.

Visto o informe do Servizo de Turismo previo ao acordo de concesión dos premios con CSV IV7P4IJOFNM7YRMJ5VAG547C4E e emitido de conformidade co punto décimo das bases reguladoras da convocatoria.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Conceder o Premio “... E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” á Asociación de Empresarios de Muimenta, con NIF G27386515.

2º.- Declarar deserta a modalidade correspondente aos Premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense.

3º.- Declarar deserta a modalidade correspondente ao Premio Turismo Sostible.

4º.- Dar publicidade deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.